

Verba. Anexos

Inaugura a colección de **Verba. Anexos** un traballo do primeiro director da revista, Constantino García, sobre o *Léxico de la comarca compostelana* (1974). Nesta mesma liña, que tiña por obxectivo difundir o coñecemento do léxico patrimonial galego, sucedense varios volumes sobre vocabularios e nomenclaturas, así como contribucións dialectolóxicas e etnográficas. Sirvan como exemplo deste tipo de estudos *El gallego hablado en la comarca ferrolana* (J. A. Porto Dapena, 1977, Anexo 9) e *El habla del valle de Verín* (M. Taboada, 1979, Anexo 15).

Nos primeiros anos de vida da revista tamén se publican tres influentes traballos sobre o sistema verbal do galego: *Perífrasis verbales en el gallego actual*, de G. Rojo (1974, Anexo 2), *El verbo gallego*, de A. Santamarina (1974, Anexo 4) e *O infinitivo conxugado en galego*, de F. G. Gondar (1978, Anexo 13). Outros aspectos da gramática da lingua galega foron obxecto de consideración en anexos posteriores de *Verba*, como *Sufijos nominales en el gallego actual* (I. González Fernández, 1978, Anexo 11) ou *Frases nominais con posesivo en galego. Estructura e valores referenciais* (C. Silva Domínguez, 2002, Anexo 50).

Pouco e pouco fóronse incorporando investigacións sobre a lingua española e traballos de orientación diacrónica. Entre os primeiros salientan, pola súa repercusión no mundo académico, as monografías *Cláusulas y oraciones* (G. Rojo, 1978, Anexo 14), *La derivación en español. Verbos derivados y sustantivos verbales* (J. Pena, 1980, Anexo 16), *Transitividad y complementación preposicional en español* (J. M.^a García-Miguel, 1995, Anexo 40), *Condicionales, concesivas y modo verbal en español* (A. Veiga, 1991, Anexo 34), *Usos anómalos de los sustantivos verbales en el español actual* (J. Pena, 1976, Anexo 6) e *La coordinación en español. Aspectos teóricos y descriptivos* (T. Jiménez Juliá, 1995, Anexo 39).

Entre os estudos diacrónicos publicados destacan pola súa difusión *La evolución de los esquemas condicionales (Potenciales e irreales desde el Poema del Cid hasta 1400)* (G. Rojo y E. Montero, 1983, Anexo 22) e *Diacronía de los objetos directo e indirecto (del latín al castellano medieval)* (C. Folgar, 1993, Anexo 37), así como a reedición dos *Elementos de gramática histórica gallega (Fonética-Morfología). 1909* (V. García de Diego, 1984, Anexo 23) ou as *Notas críticas al DECH de Corominas/Pascual* (H. Meier, 1984, Anexo 24).

No tocante á edición filolóxica de textos, tiveron particular resonancia *El cancionero de Joan Airas de Santiago. Edición y estudio* (J. L. Rodríguez, 1980, Anexo 12) e *El cancionero profano de Alfonso X el Sabio. Edición crítica, con introducción, notas y glosario* (J. Paredes, 2010, Anexo 66).

Nas monografías publicadas entre 1974 e 2010 os campos de investigación máis explorados foron a gramática (17 anexos), o léxico (17 anexos), a variación diacrónica e dialectolóxica —centrada principalmente en aspectos gramaticais e léxicos— (13 anexos) e a edición filolóxica (4 anexos). Os temas de estudo preferente foron o verbo, a cláusula e os seus constituíntes, a morfoloxía derivativa, a frase nominal, a variación diatópica, a diacronía, a lexicoloxía e a lexicografía.

Alén disto, editáronse varios traballos colectivos que foron o resultado de coloquios ou simposios de temática variada, como os seguintes: *La descripción del verbo español* (G. Wotjak y A. Veiga, coords., 1990, Anexo 32), *Praedicativa. Complementación en griego y en latín* (AA.VV., eds., 2003, Anexo 53), *Da gramática ó diccionario: estudios de lingüística galega* (X. L. Regueira y A. Veiga, eds., 2001, Anexo 49), *Onomástica galega. Con especial consideración da situación prerromana* (D. Kremer, ed., 2007, Anexo 58), *Estudios sobre léxico dos trovadores* (AA.VV.,

coords., 2008, Anexo 63) e *Estudos de edición crítica e lírica galego-portuguesa* (M. Arbor Aldea y A. F. Guiadanes, coords., 2010, Anexo 67).